



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CARREIRA ADMINISTRATIVA: PROMOCIÓN INTERNA

No día de onte asistimos a reunións maratonianas para tratar de perfilar os criterios definitivos para a promoción interna, tal e como se establecía no Acordo de Carreira Administrativa.

Nunha primeira valoración consideramos a proposta da AEAT para promoción interna como boa, pero millorable; non se entra no "fondo" e non recolle moitas das nosas peticións: adaptación dos temas requeridos para superar as probas ao traballo que se vai desenvolver, redución de temarios, etc.. Tamén somos escépticos das vantaxas que poida ter a fórmula de concurso-oposición, posto que, obviamente, non saberemos a súa incidencia ata que se poña en marcha. No aspecto positivo, valoramos como moi boa noticia o feito de que xa teñamos o compromiso da AEAT de conservar a nota do exame durante dúas convocatorias, (que se aplicará xa nos exames deste ano), así como que quede aberta a posibilidade para estudar novas propostas para mellorar a promoción interna.

Na reunión de onte vimos como o resto da parte social asinaba o este acordo de promoción interna, pero nós non queremos asinar nada sen contar coa vosa opinión. A tal efecto, teremos a finais de semana unha xuntanza para tomar unha decisión sobre a posibilidade de sumarnos ,ou non, ao Acordo, polo que agradecemos que contactedes cos nosos delegados e lles fagades chegar a vosa opinión.

ii A TÚA OPINIÓN CONTA!!!

04/06/08

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44
Fax:981 12 72 22
cigaeat@gmail.com
WWW.CIGAEAT.COM